

## CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2024”

-Convocatoria local -

A **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BARREIROS**, convoca o **CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2024”** (fase local), de acordo coas seguintes bases:

### **BASES:**

- 1- Poden participar tódolos nen@s, con poemas sobre o tema xenérico : **“O NADAL”**
- 2- Establécense tres categorías:
  - A - ata 8 anos
  - B - de 9 a 11 anos
  - C - de 12 a 16 anos
- 3- Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe. Os poemas estarán escritos en galego e a súa extensión será como máximo dun folio por unha soa cara. Poderán presentarse mecanografiados, escritos a ordenador ou a man, neste caso, sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase una folla co nome e demais datos do autor.
- 4- O prazo de presentación dos poemas rematará o **19 de decembro de 2024**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ou nos COLEXIOS DO CONCELLO DE BARREIROS.
- 5- Un xurado, seleccionará por cada modalidade e categoría, un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma, libros e material escolar.
- 6- Os traballos premiados nesta Fase Local, participarán na Fase Provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia
- 7- O fallo do xurado local farase público na primeira quincena do mes de xaneiro de 2025.
- 8- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.
- 9- Todas as incidencias non previstas nestas bases, serán resoltas polo xurado.
- 10- A presentación das obras a este certame supón a aceptación das presentes bases.

